

GUÍA PARA COMENTAR UNHA TÁBOA DE DATOS EN HISTORIA

1. OBSERVA A TÁBOA DETIDAMENTE

- Le con atención o título da táboa para entender de que trata a información e en que contexto histórico se sitúa.
- Revisa as columnas e filas: fíxate nas variables e categorías (poboación, produción, porcentaxe, etc.) para comprender como se organiza a información.
- Observa as datas e as unidades (por exemplo, millóns, porcentaxes, toneladas, etc.) para interpretarlas correctamente.

2. ANALIZA O CONTIDO DA TÁBOA

- **Describe as tendencias principais:** hai aumentos, diminucións ou fluctuacións significativas? Fai referencia aos períodos de tempo ou ás categorías de datos.
- **Compara os datos:** identifica as cifras máis altas e baixas, as variacións entre diferentes períodos ou categorías, e resalta as comparacións máis relevantes. Usa termos como "superior a," "inferior a," ou "maior que" para comparar os datos.

3. INTERPRETA OS DATOS E ESTABLECE CONCLUSIÓN

- **Pregúntate** a que época pertence? que eventos históricos se relacionan con estes datos?
- **Explica** de maneira breve o tema ou proceso histórico ao que se refire a táboa (por exemplo, crecemento demográfico, produción industrial, guerras etc.)
- **Expón** que significan os datos en relación co proceso histórico que representan. Que nos din os datos sobre a situación social, económica e/ou política da época?
- **Reflexiona** sobre o impacto deses cambios ou tendencias no período analizado. Pensa en como puideron influír na vida das persoas, nas políticas dos gobernos, ou na economía.
- **Establece** relacións con outros datos ou eventos históricos se é posible (por exemplo, relaciona o crecemento da industria coa migración rural ás cidades).

4. EXPLICA OS CAMBIOS

- Tenta dar razóns históricas para as tendencias que observas. Por exemplo, un aumento de produción durante unha guerra, unha diminución da poboación tras unha crise, etc.

5. CONTEXTO HISTÓRICO XERAL (DO MESMO XEITO QUE FACEMOS NOS TEXTOS)

- **Imos do xeral ao particular:** período xeral, anos, procesos, acontecementos, figuras relevantes do período, etc.
- **significado dos datos** e a súa relación co contexto histórico.

6. ERROS COMÚNS A EVITAR

- **Non limitarse a describir:** o obxectivo non é só describir os datos, senón interpretarllos.
- **Ignorar o contexto histórico:** os datos sempre están ligados a un contexto; sen el, perden significado.
- **Esquecer relacionar os datos entre si:** é importante buscar patróns e contrastes para enriquecer o comentario.
- **Descoidar a precisión nas cifras:** usa cifras exactas e unidades correctas ao facer referencia aos datos.